



 DEPUTACIÓN OURENSE Rexistro Xeral	
14 ABRIL 2020	
Nº ENTRADA	Nº SAIDA 2020008347

En contestación ás peticións de data 26 e 30 de marzo relacionadas coa adquisición de máscaras, luvas e xel desinfectante, achégolle informe de intervención e indícolle que o reparto por concellos faise a través da Xunta de Galicia, á que se fixo entrega do primeiro lote o pasado 1 de abril, nunha acción de colaboración co Posto de Mando Avanzado que a Xunta puxo en marcha na provincia de Ourense.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 13 de abril de 2020

O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.
Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.